ANUNCIO

Aprobación inicial do Regulamento do Centro de Ocio Xuvenil de Cedeira

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Cedeira, en sesión realizada o 18.11.2019, o Regulamento do Centro de Ocio Xuvenil de Cedeira, publícase no portal web deste Concello (dirección: *www.cedeira.gal*) co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades durante o prazo de trinta días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

REGULAMENTO DO CENTRO DE OCIO XUVENIL DE CEDEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local recoñece ao municipio a facultade de promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Ademais, o seu segundo apartado indica que é competencia do municipio a promoción de actividades ou instalacións culturais e deportivas, de ocupación do tempo libre e de turismo.
Neste sentido, a necesidade de atender de forma expresa a mocidade fixo xurdir a idea de preparar un local especificamente destinado ao lecer deste colectivo.
Deste xeito, efectuado o correspondente investimento e acondicionadas as dependencias municipais situadas na Rúa Deportes s/n, faise necesario elaborar e aprobar unhas normas que regulen o acceso ás instalacións e o seu uso, así como a organización e o funcionamento do centro.
O presente regulamento, elaborado segundo o prescrito na xa citada Lei 7/1985, pretende:

- definir o contido do servizo público do Centro de Ocio Xuvenil;
- determinar os procedementos para o seu acceso e utilización;
- establecer as súas normas de réxime interno.

Artigo 1. Obxectivos

O Centro de Ocio Xuvenil de Cedeira é un servizo público municipal que ten os seguintes obxectivos:

- Proporcionar á mocidade un espazo de ocio, un lugar en que poder realizar múltiples actividades que favorezan o desenvolvemento das súas capacidades e propicien a práctica dos valores de solidariedade e responsabilidade.
- Fomentar entre a poboación xuvenil o emprego do tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal e a creatividade.
- Mellorar a calidade de vida da mocidade incrementando a súa participación activa na sociedade e facilitando a súa integración e as relacións entre as persoas máis novas.
- Propiciar un ocio pleno e autoxestionado polas propias persoas participantes, posibilitando o achegamento ás novas tecnoloxías e garantindo a accesibilidade e o seu correcto uso en beneficio do progreso persoal e social.

Artigo 2. Principio de non discriminación

O seu carácter público implica necesariamente que se trata dun servizo plural, destinado á totalidade das persoas, sen distinción nin discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 3. Acceso

O acceso ao local durante o horario establecido será libre para todas aquelas persoas que se encontraren na faixa de idade prevista polo artigo 5 deste regulamento.

Artigo 4. Horarios

O Concello, en coordinación coa persoa responsable do centro, fixará o horario mínimo de apertura, que se adecuará na medida do posible ao tempo de lecer das persoas usuarias. Este horario, por tanto, poderá ser ampliado nas fins de semana para satisfacer a demanda.
O Centro de Ocio Xuvenil terá ao longo do ano dous períodos con horarios diferentes: período escolar e período vacacional.
No período escolar, o horario do centro será os venres de 17.00 a 22.00 h., os sábados de 11.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 22.00 h. e os domingos de 11.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 20.30 h.
No período vacacional, o horario será de luns a venres de 11.00 a 14.00 h.
Estes horarios poderán ser modificados polo Concello.

Artigo 5. Persoas usuarias

Este servizo vai dirixido a persoas de entre 12 e 18 anos.

Artigo 6. Servizos e actividades

O Centro de Ocio Xuvenil poderá ofrecer os seguintes servizos e actividades:

- Actividades socioculturais: charlas, obradoiros, actuacións e outras actividades de tempo libre.
- Centro aberto: espazo de encontro e lecer co seguinte equipamento:
    - televisións
    - videoconsolas
    - computadoras
    - fútbol de mesa
    - billar
    - dardos
    - xogos de mesa (dominó, barallas, xadrez e outros)
    - libros
    - cómics
    - outros entretementos en función da demanda
- Punto de información: a persoa responsable do centro encargarase de facilitar información á mocidade sobre diversos temas de interese a través de folletos, paneis, libros…

Artigo 7. Normas de funcionamento

O Centro de Ocio conta con gran cantidade de equipamentos co fin de favorecer o entretemento da mocidade. Con carácter xeral, o seu uso rexerase polas seguintes normas:

1. As persoas usuarias identificaranse á entrada a través da Tarxeta Única e o seu acceso será rexistrado no sistema.

2. A utilización dos xogos, equipamentos e calquera elemento do centro deberá ser solicitada á persoa responsable que se encontre nese momento na sala.
3. Para o uso dos diferentes recursos será necesario deixar como depósito a Tarxeta Única.
4. O depósito de tarxetas variará en función do recurso solicitado. Queda establecido do seguinte xeito:
   - Videoconsolas: por unha Tarxeta Única prestarase o xogo e o mando; para cada mando adicional necesitarase como depósito a Tarxeta Única doutra persoa usuaria.
   - Computador: un PC por cada Tarxeta Única.
   - Fútbol de mesa: unha bóla por cada Tarxeta Única.
   - Diana: tres dardos por cada Tarxeta Única.
   - Billar: un pau por cada Tarxeta Única.
   - Xogos de mesa: un xogo de mesa por tantas Tarxetas Únicas como participantes desexen utilizalo.
   - Libros e cómics: un libro ou cómic por cada Tarxeta Única.
   - Televisor: un mando a distancia por cada Tarxeta Única.
5. En caso de estragos ocasionados polo mal uso, asumiranse polo usuario, de ser maior de idade, ou os responsables legais, de ser menor de idade, os custos do amaño ou da perda, previa tramitación do correspondente expediente a efectos de determinar a existencia de responsabilidade do usuario.
6. Quince minutos antes da hora de peche non se poderán solicitar recursos e aquelas persoas que os estean a utilizar deberán comezar a recoller para proceder á súa entrega.

Artigo 8. Dereitos

As persoas usuarias terán dereito a:
- Participaren nas actividades programadas e empregaren os recursos ofrecidos polo centro nos horarios e condicións establecidos.
- Recibiren unha información veraz e suficientemente detallada sobre as actividades e o funcionamento do centro.
- Salvagardaren a confidencialidade dos seus datos persoais e que estes non sexan difundidos sen o seu permiso.
- Recibiren un trato respectuoso e digno por parte da persoa responsable do centro, das persoas responsables das actividades e do resto de persoas usuarias.
- Salvagardaren a privacidade das súas comunicacións. Pese a isto, o persoal responsable poderá controlar o acceso ás páxinas web dos menores de idade co fin de protexer os dereitos da infancia e a xuventude.
- Propoñeren actividades.
- Traeren os seus propios xogos para compartiren co resto da mocidade.
- Formularen queixas e suxestións que deberán ser atendidas axeitadamente.

Artigo 9. Deberes

As persoas usuarias terán deber de:
- Manteren en todo momento un trato respectuoso cara ás persoas responsables do centro, as persoas responsables das actividades e o resto de persoas usuarias.
- Respectaren as instalacións, o material e os recursos do centro. A incorrecta utilización suporá, á marxe da reposición ou compensación dos eventuais danos causados, a suspensión temporal ou definitiva do dereito de admisión no centro.

- Deixaren limpas, recollidas e ordenadas todas as dependencias, os materiais e os xogos usados. Todos os recursos empregados deberán devolverse en perfecto estado de conservación.
- Utilizaren os recursos dentro do espazo do centro. Fica prohibido sacar material á rúa.
- Cumpriren coas quendas que correspondan para os xogos e o uso das instalacións.
- Respectaren a prohibición de xogar diñeiro ou cruzar apostas monetarias.
- Respectaren a prohibición de fumar, entraren ás instalacións con animais, tomaren bebidas alcohólicas e consumir substancias tóxicas dentro do centro.
- Respectaren os horarios do centro.
- Poñeren en coñecemento da persoa responsable do centro as anomalías, irregularidades ou estragos que se observen. No caso de non facer a debida notificación, a última persoa usuaria será a responsable dos posibles danos que se presentaren.
- Coidaren dos seus obxectos persoais, xa que o Concello non se fai responsable da súa perda.
- Manteren un comportamento cívico e unha actitude adecuada ás actividades en que participen. O Concello non se fai responsable dos danos causados sobre a propia persoa nin sobre outras persoas usuarias provocados por comportamentos incívicos ou actitudes inadecuadas ás actividades en que se estaba a participar.
- Respectaren as quendas de uso que, como norma xeral, fican establecidas en 30 minutos para as consolas, a diana, o fútbol de mesa e o billar. O límite de 30 minutos poderá ser sobrepasado cando non haxa ninguén agardando, sempre baixo valoración da persoa responsable do centro.

Artigo 10. Reclamacións das persoas usuarias

As persoas usuarias do Centro de Ocio Xuvenil poderán en todo momento formular suxestións, peticións ou queixas de xeito oral ou ben mediante escritos que se lle poden entregar á persoa responsable do centro.

Artigo 11. Infraccións

1. En aplicación do artigo 139 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, as entidades locais poderán establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións para a adecuada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos servizos, equipamentos, infraestruturas e espazos públicos.
2. Considérase infracción a realización de actividades prohibidas neste regulamento, así como calquera outra actividade que supoña unha actuación contraria ás máis elementais normas de uso das instalacións ou de convivencia entre as persoas.
3. Terán a consideración de infraccións moi graves:
   - A falta de cumprimento de forma consciente e deliberada das disposicións establecidas neste regulamento, especialmente cando se comprometa a seguridade ou a saúde das demais persoas usuarias do centro ou do persoal responsable.
   - Agredir física ou psicoloxicamente a outras persoas usuarias ou ás persoas responsables, así como faltar ao respecto gravemente.
   - A resistencia, coacción, ameaza, desacato ou calquera forma de conduta irrespectuosa exercida sobre as persoas responsables do centro.
   - A subtracción, deterioro ou destrución de calquera elemento do centro.
   - A comisión no prazo dun ano de tres ou máis infraccións graves.
4. Terán a consideración de infraccións graves:

- O incumprimento de xeito reiterado das ordes ou instrucións das persoas responsables do centro.
- Os comportamentos e actitudes que perturben ou molesten de forma grave a tranquilidade ea comodidade das demais persoas usuarias.
- A comisión no prazo dun ano de tres ou máis infraccións leves.

5. Terán a consideración de infraccións leves:

- O incumprimento das normas contidas neste regulamento que, non estando tipificadas como moi graves ou graves, afecten ao normal uso das instalacións do centro, así como aquelas actitudes que perturben ou molesten ao resto de persoas usuarias ou ás persoas responsables do centro.

Artigo 12. Sancións

1. Imporanse sancións ás persoas usuarias que non cumpran as normas elementais de educación, de convivencia e de uso recollidas no regulamento do Centro de Ocio Xuvenil.
2. Serán responsables das condutas improcedentes das persoas menores de idade as súas nais, os seus pais,titoras, titores ou representantes legais.
3. En función da gravidade do incumprimento que se produza, establécese a seguinte gradación nas sancións:
   a) Por infraccións moi graves: expulsión ou prohibición do acceso ao recinto do centro por tempo indefinido.
   b) Por infraccións graves: expulsión ou prohibición do acceso ao recinto do centro por un período de tres a seis meses.
   c) Por infraccións leves: expulsión ou prohibición do acceso ao recinto do centro por un período de trinta días.
4. As sancións serán independentes da obriga de reparar o eventual dano causado e de restituír o que se puidese usurpar, así como doutras responsabilidades en que se puidese incorrer.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ao previsto no art. 70.2 e 65.2 da Lei 7/85 de Bases de réxime local.

Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Cedeira, 20 de novembro de 2019
O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil